

NOTA DE PRENSA

**CONCELLERÍA DE CULTURA. CONCELLO DE CULLEREDO
ENCUNTROS CULTURAIS DO OUTONO 2008 .
PROGRAMACIÓN TEATRAL.HOMENAXE A ROBERTO VIDAL BOLAÑO.**

O vindeiro venres día 31 DE OUTUBRO terá lugar a quinta das representacións teatrais dos Encontros culturais do Outono 2008 ás 19:30 horas no Edificio de Servicios Múltiples de O Burgo a cargo da compañía TALÍA TEATRO que poñerá en escena o espectáculo infantil “O MERLO BRANCO” orixinal de Cándido Pazó.

Papá Merlo e Mamá Merlo teñen un merliño. Que ilusión! Un merliño! Pero cando o merliño nace... Que desilusión! Que contrariedade! É branco!!! Pero como? Todos os merlos son negros! Todos os merlos son negros! Todos! O merliño, ao verse rexeitado, polos seus pais, decide irse da casa. É aquí cando comeza a aventura do noso merliño na busca de paxaros aos que asemellarse, porque, se non é un merlo, que é?

O merlo branco está dirixido por Cándido Pazó e interpretado por Marta Ríos, Toños casais, Rosi Barcala, maría Ordóñez, Gustavo G. Dieste, Dani Trillo e David Creus.

TALÍA TEATRO é unha compañía de Cee que data do ano 1987, acadando dende a súa fundación, e con cada espectáculo realizado, unha maior consolidación como compañía estable, logrando cada vez máis difusión e aumentando progresivamente o número de funcións de cada espectáculo.

Nos últimos tempos Talía Teatro conseguiu certo recoñecemento da crítica, acadando nos dous últimos anos os premios do “Certame Xuventude de Teatro”.

Teñen realizado e producido os seguintes espectáculos:1988. O rei aborrecido, de Xesús Pisón. 1989. Aquí non paga ninguén, de Darío Fo. 1990. O crime de Aldea Vella, de Bernardo Santareno. 1991. Gaivotas subterráneas, de Alfonso Vallejo. 1993. Ai, Carmela, de J. Sanchís Sinisterra. 1994. T. W. C. , Colectiva. Fando e Lis, de Fernando Arrabal. 1995. Rezagados, de Ernesto Caballero. 1996. A secreta obscenidade de cada día, de M. A. de la Parra. 1996. Pedro e o capitán, de Mario Benedetti. 1997. Retén, de Ernesto Caballero. 1998. Marsal Marsal, de J. Sanchís Sinisterra. 2000. Soños dun seductor, de Woody Allen. 2000. Menos lobos, de Artur Trillo. 2001. Dakota, de Jordi Galceran. 2002. Supermáis, de J.M. Benet i Jornet. 2002. Xustiza infinita, de Cándido Pazó. 2003. Bicos con lingua, de VV.AA. A paz do crepúsculo, de Itziar Pascual. Eu así non xogo, de Artur Trillo. 2004. Molière final, de Roberto Salgueiro. 2005. Mundos contados, de Paula Carballeira. 2006. Esperando a Godot, de Samuel Beckett. O merlo branco, de Cándido Pazó. 2007. Quero ser grande

Culleredo, 28 de outubro de 2008

O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez

Contacto: Artur Trillo. Tfno.: 630-877153